



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZAOITO DE FEBREIRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . CELIA ALEGRE MACEIRA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezaoto de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.
Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/01/2015).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e un de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2014.

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2014, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 48/15, de data 4 de febreiro, que presenta un resultado presupostario axustado de NOVENTA E SEIS MIL CATROCIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (#96.485,43 €#) de SUPERÁVIT, sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

RESULTADO PRESUPOSTARIO	Euros
+ Dereitos recoñecidos netos	3.742.038,86
- Obrigas recoñecidas netas	3.654.461,13
RESULTADO PRESUPOSTARIO ANTES DE AXUSTES	87.577,73
+ Desviacións negativas de financiamento	26.859,70
- Desviacións positivas de financiamento	17.952,00
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	0,00
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	96.485,43



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/214	281.534,90
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2014	134.356,42
REMANENTES DE CRÉDITO	175.629,37
REMANENTE DE TESOUSERÍA	
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2014	59.426,22
+ Dereitos pendentes de cobro	407.083,38
- Acredores pendentes de pago	496.587,70
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOUSERÍA (TOTAL)	-30.078,10
- Saldos de dubidoso cobro	52.589,24
- Exceso de financiamento afectado	17.952,00
REMANENTE DE TESOUSERÍA PARA GASTOS XERAIS	-100.619,34

O Pleno dáse por informado.

3º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2015

Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para as seguintes facturas do exercicio 2014:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
FE14321 15937702 3	04/11/2014	1.089,38	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra mes outubro (IP: 03B000460_0132)
FE14321 15930886 2	03/11/2014	478,98	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz meses agosto, setembro e outubro (IP: 03B000460_0132)
FE14321 15930886 1	03/11/2014	618,69	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede meses setembro e outubro (IP: 03B100460_0132)
57	20/12/2014	726,00	Bar Timonel - Aboy Torres Marcelino	Servizo de carpa para concerto do grupo Odaiko no CPI de Vedra co gallo do 25 aniversario da Escola de Música de Santa Cruz
FV-14/4	29/12/2014	420,00	García Cabal Guadalupe J.	Achega trimestral do Concello para o curso de manualidades 2014-2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2014/114	26/12/2014	435,60	Xestedec Comunicación	Servizo de tarima modular para actuación da Escola de Música de Santa Cruz no CPI de Vedra co gallo do seu 25 aniversario
004/14	31/12/2014	1.100,00	Villasenín Iglesias Ruben	Servizo de monitor no marco do programa <i>Conxuga</i> me decembro 2014
D00436	31/12/2014	1.162,02	Hierros Diego, S.L.	Materiais subministrados para mantemento das vías públicas e para obra na escola de San Xián de Sales
52	16/12/2014	1.984,40	Construcciones Luis&Alfonso, S.C.	Traballos realizados na entrada dos vestiarios do campo de fútbol de Santa Cruz
14A/0040 0	31/12/2014	3.467,18	Sociser Galicia, S.L.	Prestación do servizo asistencial a domicilio mes decembro/2014
14A/0040 1	31/12/2014	6.313,09	Sociser Galicia, S.L.	Horas SAF dependencia mes decembro/2014 (incluídas as dos días festivos)
2014/362 6	31/12/2014	9.062,64	Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes decembro/2014
14/00022 6	30/12/2014	1.550,98	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras na vía pública en Xián-Trobe e Pazos-Santa Cruz subministrados en decembro/2014
143	31/12/2014	1.643,40	García García, S.C.	Materiais para a construción de beirarrúas na zona do CPI de Vedra, para obras na vía pública en Xián-Trobe e Pazos-Santa Cruz e outras pequenas obras subministrados no 4T/2014

O Pleno con oito votos a favor do PP, BNG e TEGA, e cinco abstencións do PSdG-PSOE, acorda aprobar o citado recoñecemento de créditos.

4º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida de lixo no padrón fiscal do exercicio 2015.



En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245 do 26.12.2012), e coa formación do Padrón Fiscal correspondente ao vixente exercicio 2015, polo que respecta á *aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario*.

Dáse conta dos expedientes de xestión tributaria instruídos a iniciativa dos Servizos Sociais municipais e do expediente nº 6/2015 iniciado a instancia de parte interesada, para o recoñecemento do *dereito de redución da cota tributaria* dos contribuíntes, propietarios de vivendas, que cumpren os requisitos establecidos na ordenanza fiscal reguladora da taxa.

No expediente constan os seguintes informes favorables:

* O informe da Traballadora Social, no que se manifesta que os citados propietarios cumpren o requisito esixido no primeiro parágrafo do artigo 8.1 da Ordenanza, de que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente (redución do 50%) ou de que se trata de familias e contribuíntes que se atopan en circunstancias especiais ou de exclusión social (redución do 100 %).

* O preceptivo informe da Secretaría-Intervención acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e do importe da cota tributaria vixente para o actual exercicio, así como da contía da minoración no importe total do padrón fiscal (544 euros), no suposto do recoñecemento das bonificacións solicitadas.

Vistos os expedientes, en función dos citados informes e do establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, propónse:

1º.- Que polo Pleno do Concello se recoñeza o dereito de redución da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes.

2º.- Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2015 a liquidación correspondente a cada unha das vivendas relacionadas se practique polo importe de 34 ou 0 euros, segundo proceda, o que supón unha redución do cincuenta ou do cen por cento da cota tributaria anual vixente de 68 euros por vivenda, así como unha minoración no importe total do citado padrón que ascende á cantidade de 578 euros.

Así mesmo de cara a axilizar a tramitación do padrón fiscal propónse para os futuros exercicios:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno o recoñecemento do dereito da redución da cota tributaria da taxa de recollida de lixo no padrón fiscal.

Segundo.- O prazo para a presentación das solicitudes do dereito á redución será do 1 ao 31 de xaneiro de cada exercicio.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ambas as dúas propostas.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para o correcto aproveitamento dos inmobles de propiedade municipal.



Dáse conta do informe adoptado pola Comisión de Asuntos Xerais do día dezaseis de febreiro:

“Dáse conta da moción do BNG sobre do correcto aproveitamento dos inmobles de propiedade municipal na que se expón que o noso concello ten unha das maiores ratios de asociacións per cápita de Galicia, existindo edificios de titularidade municipal sen uso, ou infrautilizados, en franco deterioro, que teñen ademais un custo substancial para o concello, que de estar asignadas a unha asociación, sería esta a que asumise os custos, e por outra banda existen asociacións que reclaman o seu aproveitamento.

Tendo en conta a situación dos acontecementos, posto que no pleno do 2013 o Alcalde xa se comprometeu a asignar estes edificios (en particular o Museo Etnográfico de Vedra e o Centro de Saúde de Santa Cruz) antes de decembro, e en xuño de 2014 recoñeceu que “nin sequera se puxera a estudar as solicitudes existentes “ evitando a votación dunha moción para asignar estes locais nun prazo de 30 días, co compromiso de ter unha xunta de voceiros para achegar propostas e adoptar solucións, achegándoas todos os grupos políticos , detectándose necesidades municipais e posibles solucións.

A catro meses da celebración das eleccións municipais, e cos edificios públicos municipais baleiros e en franco deterioro, solicitan o voto favorable para a aprobación polo Pleno da moción cos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ao goberno municipal, que no prazo de quince días naturais, resolucione a cesión, ou o uso ao que quere dedicar os inmobles solicitados (incluíndo o tratado en comisión con respecto ao Museo Etnográfico).

Segundo.- Que, despois de tomar as decisións que considere adecuadas, as publique no boletín municipal (incluíndo o tratado en comisión con respecto ao Museo Etnográfico).

Terceiro.- Finalmente, se o goberno municipal non é quen de tomar unha decisión adecuada sobre do uso dalgún local público, que abra un proceso de adxudicación, solicitando a veciños e asociacións veciñais propostas de uso destes espazos. As bases do concurso serán pactadas en comisión, a resolución do concurso será antes de maio, e en todo caso, permitirá a publicidade no boletín municipal previamente ao día 24 de maio.

A Presidencia expón que con respecto ao chamado Museo Etnográfico de Vedra o seu destino está claro en canto a arquivo e outros usos, e no tocante ao centro de saúde de Santa Cruz dedicarase á escola de música.

A Comisión de Asuntos Xerais informa favorablemente a citada proposta.”

O Sr. Pose do BNG di que efectivamente se chegou a un acordo na Comisión Informativa, e que a moción ten como función artellar un mecanismo para que non volva acontecer isto, é dicir, que á volta de dous anos que se falou deste tema por primeira vez, que xurdiu a raíz de que unha asociación necesitaba un local, que á data de hoxe aínda non ten, e de feito perdeu a subvención, benvido sexa este acordo.

A Presidencia expón que quedou constancia na Comisión Informativa de que o Museo Etnográfico de Vedra estará destinado ao arquivo histórico, que é compatible con outros usos, e o centro de saúde de Santa Cruz á escola de música debido á



necesidade imperiosa por déficit de aulas, mesmo adaptalo para que a partires do 1 de setembro poida ser xa utilizado para esa finalidade.

O Sr. Pose manifesta que o que se pretende coa moción é que non volva acontecer o mesmo, que se existe unha solicitude de local non se demore durante dous anos o acordo de concesión, polo que cómpre establecer un procedemento para abrir un concurso, escoitar aos veciños, e entre as propostas que se presenten elixir a mellor das posibles.

Tamén sinala que con respecto ao arquivo histórico teñen que decidir como vai funcionar, que documentos se van conservar aí, para que non se converta nun simple almacén, polo que se necesita dun traballo previo importante.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que ao seu entender no acordo que se someta a votación se debe incluír un terceiro punto, que faga mención á aprobación dunhas bases que regulen a concesión dos locais no futuro.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1º.- Destinar o Museo Etnográfico de Vedra a arquivo histórico municipal e outros usos compatibles.

2º.- Destinar o centro de saúde de Santa Cruz á escola da música de Santa Cruz.

3º.- Que se elaboren unhas bases para regular a cesión e usos dos locais de propiedade municipal.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Non hai preguntas pendentes de contestar.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que a raíz das novas que teñen saído na prensa nestes días pasados a proposta de sobrefacturación dos provedores de enerxía eléctrica, ás institucións particularmente, pregunta como lle afecta ao noso concello e en que estado está.

A Presidencia contéstalle que a Fegamp elaborou uns criterios, que se fixeron estudos e varias reclamacións, pero que non hai grandes diferenzas, aínda que a súa intención é facer un estudo minucioso, neste caso dos locais municipais.

--O Sr. Pose do BNG solicita o contrato que asinou o concello coa UTE do Polígono Industrial e o que asinou o concello co avogado que o representa.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.